Padrón

Exmo. Concello de Padrón
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

BANDO

Renovación Tarxetas zona peonil 2014.

Para xeral coñecemento de tódolos veciños e veciñas do termo municipal, ou daqueles que poidan estar afectados por este Bando por mor de actividade profesional ou comercial, por ser residentes na zona peonil e os propietarios ou arrendatarios de prazas de garaxe situadas na zona peonil de Padrón.

FAISE SABER:

Que de conformidade co previsto na Ordenanza xeral de Circulación e uso da Vía Pública (Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19/11/04), nos seus artigos 32, 33 e 34:

· os residentes na zona peonil (TARXETA DE RESIDENTE)

· os propietarios ou arrendatarios de prazas de garaxe situadas na zona peonil (TARXETA DE PRAZA DE GARAXE)

· vehículos por mor de actividade profesional ou comercial, os pertencentes a persoas físicas ou xurídicas que exerzan estas actividades na área de aplicación da presente Ordenanza, que non poderán estacionar na vía pública, unicamente para labores de carga e descarga por un tempo que non exceda de quince minutos. Éste tipo de tarxeta solo pode ser utilizada polos vehículos pertencentes ao establecemento en cuestión, debendo figurar na tarxeta as matriculas dos vehículos ata un máximo de catro. (TARXETA DE PASO E PARADA). Tamén poderá ser concedida temporalmente, as persoas titulares de inmoble, que residan en época de vacacións na zona peonil.

Deberán solicitar no concello a oportuna renovación de tarxeta (ano 2014).

Con este fin deberán presentar o oportuno xustificante bancario de haber pagado o prezo público **de 11,30 Euros** no Rexistro Xeral do Concello de Padrón ata o 15 de Febreiro.

Terán dereito a obter unha tarxeta que os acredite como tales, con vixencia ata o 31 de decembro de cada ano.

Padrón, a 10 de xaneiro de 2014.

O ALCALDE

Antonio Fernández Angueira.